

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**  
**ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO 2022-2023**

O Departamento de **Lingua galega e literatura** do IES Terra de Soneira modificou algúns aspectos relativos á organización das actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes.

Seguimos a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229 2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2 2006 do 3 de maio, de educación.

Na programación didáctica temos en conta o **Artigo 51. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.**

Así, aqueles alumnos e alumnas que teñan a materia pendente dun curso anterior poderán recuperala no curso no que está matriculado/a.

En **2º ESO**, o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos na programación didáctica do ano escolar 2021/2022.

Avaliaranse a través dunha **proba escrita** que se realizará en cada un dos trimestres; é dicir, terá 3 probas escritas ao longo do curso. As datas das probas escritas serán establecidas por Xefatura de Estudos.

A **nota final** será a media aritmética dos tres trimestres. Para aprobar a materia a nota obtida ten que ser igual ou superior a 5. No caso de non obtela, terá que ir a unha proba final de recuperación na que terá que aprobar cun 5 ou nota superior.

A devandita cualificación seralle comunicada á Xefatura de Departamento para que conste na acta de avaliación correspondente.

En **3º e 4º ESO**, o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos na programación didáctica do ano escolar 2021/2022.

Avaliaranse a través dunha **proba escrita** que realizará en cada un dos trimestres; é dicir, terá 3 probas escritas ao longo do curso. As datas das probas escritas serán establecidas por Xefatura de Estudos.

O 1º trimestre contará un 40%, o 2º trimestre, outro 40% e no 3º trimestre, un 20%.

Polo tanto, a nota final será a media ponderada das avaliacións segundo a porcentaxe especificada en cada un dos trimestres.

Para aprobar a materia a nota obtida ten que ser igual ou superior a 5. No caso de non obtela terá que ir a unha proba final de recuperación na que terá que aprobar cun 5 ou nota superior.

A devandita cualificación seralle comunicada á Xefatura de Departamento para que conste na acta de avaliación correspondente.

As datas das recuperacións trimestrais e finais dos curso da ESO son:

-1º trimestre: 24 de novembro

-2º trimestre: 2 marzo

-3º trimestre: 20 abril

-Avaliación final: 25 maio

**En 2º Bacharelato**, o alumno/a terá que traballar os contidos recollidos na programación didáctica do ano escolar 2021/2022.

Avaliaranse a través dunha **proba escrita** que realizá en cada un dos trimestres; é dicir, terá 3 probas escritas ao longo do curso. As datas das probas escritas serán establecidas por Xefatura de Estudos.

O 1º trimestre contará un 34%, o 2º trimestre, outro 33% e no 3º trimestre, un 33%.

Polo tanto, a nota final será a media ponderada das avaliacións segundo a porcentaxe especificada en cada un dos trimestres. Para aprobar a materia a nota obtida ten que ser igual ou superior a 5. No caso de non obtela terá que ir a unha proba final de recuperación na que terá que aprobar cun 5 ou nota superior.

A devandita cualificación seralle comunicada á Xefatura de Departamento para que conste na acta de avaliación correspondente.

## **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE BACHARELATO**

O alumnado que non acade o aprobado na vía ordinaria (por medio das probas escritas trimestrais) irá a unha proba extraordinaria na que terá que obter unha nota igual ou superior a 5.